

PROGRAMA TALENTO COOPERATIVO

En colaboración coa: Rede Eusumo e o proxecto ES Factory, Programa Interreg VI A España – Portugal (POCTEP) 2021-2027,

Datas: do 23/09 ao 20/10/2025 **Duración:** 25 [20 horas de autoformación + 1 sesión presencial]

Modalidade: Mixta: autoformación através de aula virtual + 1 sesión presencial

Sesión presencial: Venres 17 de outubro

Lugar de celebración: A parte virtual a través da Aula Virtual de EspazoCoop.

A parte presencial celebrarase en Santiago, Facultade de Pedagogía da USC

Inscripcións: <https://forms.gle/RbPRESqqR6iSYH7q8>

Obxectivos

- Dar a coñecer o cooperativismo como alternativa para o autoemprego colectivo e o desenvolvemento de proxectos profesionais no ámbito das ciencias sociais
- Desenvolver o talento cooperativo do alumnado universitario da Universidade de Santiago de Compostela.
- Coñecer proxectos cooperativos en funcionamento e propiciar un diálogo con persoas socias de cooperativas vinculadas a este ámbito académico.

Programa e contidos

FORMACIÓN TALENTO COOPERATIVO

25 horas | do 23 de setembro ao 20 de outubro de 2025 | 1 sesión presencial o 17 de outubro en horario de 9:30 a 14:30hs.

PROGRAMA ACCIÓN FORMATIVA VIRTUAL

Módulo1.- Formación Cooperativa Básica.

Módulo 2.- Habilidades Sociais e Organización Societaria en cooperativas.

Módulo 3.- A área comercial e de mercado e a área económico-financeira.

Módulo 4.- A planificación estratéxica.

PROGRAMA DA SESIÓN PRESENCIAL

- Presentación de EspazoCoop, a Rede Eusumo e o programa EspazoCoop Emprende.
- A cooperativa dentro da economía social.
- Os principios e valores cooperativos.
- Emprende en cooperativa: Apoios ó cooperativismo.
- Boas prácticas en emprendemento cooperativo: Participación de 2 experiencias cooperativas

Metodoloxía.

O curso é na modalidade mixta. A parte principal dos contidos desenvolverase en formato virtual. Ás persoas que completen a parte virtual serán convocadas á sesión presencial que se desenvolverá, en Santiago, o día 17 de outubro, en quenda de mañá.

A parte virtual realizarase a través de: <https://aulaespazocoop.com>

A sesión presencial celebrarase na Facultade de Pedagogía da USC.

Dirixido a

Persoas que formen parte da comunidade universitaria da Universidade de Santiago de Compostela, nomeadamente alumnado das titulacións de Pedagogía, Educación Social.

Acreditación

As persoas participantes que realicen a actividade (participación mínima do 80% da parte virtual e participación na sesión presencial do 17 de outubro) recibirán un diploma acreditativo da realización desta actividade formativa.

As persoas que obteñan o diploma acreditativo pasarán a formar parte dunha base de datos de EspazoCoop para futuros procesos de prácticas ou traballo tanto na entidade como en cooperativas asociadas.

Impulsado e promovido por

Unión de Cooperativas Galegas EspazoCoop | www.espazo.coop

Financiado por

Programación 2025 da Rede Eusumo, que é unha rede de colaboración impulsada pola Xunta de Galicia, dende a Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social para o fomento do cooperativismo e a economía social.



As accións realizadas baixo o proxecto 0259_ES_Factory_1_E están cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) a través do programa Interreg VI A España – Portugal (POCTEP) 2021-2027, que promove proxectos de cooperación transfronteiriza co apoio da Unión Europea.



Cofinanciado por
la Unión Europea
Cofinanciado pela
União Europeia



España - Portugal

Coa colaboración de

Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela



FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN